



**Concello de Cee**



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

## **INFORMACIÓN DIRIXIDA AOS INSCRITOS/AS PROGRAMA DE CAMIÑATAS "CEE, SOMOS CAMIÑO!"**

*Cee, somos Camiño !!*  
O CAMIÑO DE SANTIAGO

### **DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES**

Este programa conta con dúas camiñatas:

#### **CAMIÑATA Nº 1: TRAMO "SAN PEDRO MÁRTIR (PEREIRIÑA) - PASEO MARÍTIMO CEE"**

- **Tipo camiñata:** lineal (só de ida).
- **Distancia/tempo estimado:** 7 km / 2 horas.
- **Dificultade:** fácil.
- **Día:** sábado 24 de xullo de 2021
- **Punto e hora de saída:** Capela de S. Pedro Mártir (Pereiriña) ás 11:00 horas.
- **Punto de chegada:** Paseo do Alcalde Pepe Sánchez (paseo marítimo Cee)
- **Descrición:** tramo do Camiño de Santiago que transcorre ao seu paso polo Concello de Cee. Comeza na Capela de San Pedro Mártir (parroquia de Pereiriña) e transcorre polo alto da Armada (cruceiro), As Campas (parroquia de Brens), Camiños Chans, Campo do Sacramento, rúa Magdalena, rúa de Arriba, praza do Olvido, praza da Constitución, Igrexa de Sta. María da Xunqueira de Cee, rúa Domingo Antonio de Andrade, praza 8 de marzo da Muller, avda. Lino Rodríguez Madero, avda. Fernando Blanco, cruce Roget, avda. Fisterra e remata no paseo do Alcalde Pepe Sánchez (paseo marítimo Cee).



#### **CAMIÑATA Nº 2: TRAMO "LIRES - PADRÍS (FISTERRA)"**

- **Tipo camiñata:** lineal (só de ida).
- **Distancia/tempo estimado:** 4,3 km / 1 hora.
- **Dificultade:** fácil.
- **Día:** sábado 31 de xullo de 2021
- **Punto e hora de saída:** Lires (a carón da Ponte de Vaosilveiro) ás 11:00 h.
- **Punto de chegada:** Padrís (Concello de Fisterra)
- **Descrición:** tramo do Camiño de Santiago que transcorre ao seu paso polo Concello de Cee. Comeza na Ponte de Vaosilveiro (límite co Concello de Muxía) e transcorre pola





**Concello de Cee**



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

parroquia de Lires (Igrexa de S. Estevo de Lires) e Canosa ata chegar o lugar de Padrís, xa no Concello de Fisterra. O entorno natural de frondosas árbores danlle un encanto especial ao percorrido.

## ASPECTOS ORGANIZATIVOS

De acordo ao establecido na **ORDE do 25 de xuño pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia**, e máis concretamente ao fixado no punto "3.15. Actividade deportiva" (actividade física e deportiva non federada ao aire libre).

- Número máximo de prazas por camiñata: **30 persoas**.
- Os inscritos/as distribuiranse en dous grupos independentes, e cada un contará cun responsable de grupo (organizador): **2 grupos de 15+1**.
- Os inscritos/as que non se **despracen pola súa conta terán que comunicalo**. O concello facilitará transporte para o traslado ao punto de saída (furgonetas).

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN

### SOBRE OS PARTICIPANTES

O/A participante ten a obriga de informar sobre o seu estado físico, e calquera enfermidade ou problema físico que lle dificulte desenvolver a actividade de maneira normal: problemas de cadeira, xeonllos, enfermidades cardiovasculares ou doutro tipo, débense comunicar ao organizador no momento da inscrición.

O/A participante, polo mero feito de inscribirse nesta actividade asume que, polas características propias da mesma, non poden estar exentas dun certo risco.

Durante a actividade respectaranse en todo momento as indicacións da organización en materia de seguridade e desenvolvemento da actividade.



**Concello de Cee**



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

## **COVID-19**

- Síntomas COVID-19. Que non estiven en contacto con ningún positivo nin manifestei síntomas de padecer COVID-19 nos últimos 15 días.
- Coñezo os riscos de contaxio por participar na actividade. Que no caso de resultar contaxiado por COVID-19 exonero ao organizador da actividade de calquera responsabilidade en relación cos posibles danos ou prexuízos que puideran derivarse. Así mesmo comprométome a avisar de forma inmediata ao responsable da actividade no caso de resultar positivo por COVID-19 para que se tomen as medidas oportunas.
- O/A participante ten a obriga de levar posta a máscara de protección e respectar a distancia de seguridade segundo o fixado polas autoridades sanitarias.

## ***SOBRE A ORGANIZACIÓN***

Este programa está organizado polo Concello de Cee.

Todos os/as participantes debidamente inscritos estarán cubertos por unha póliza de accidentes.

A organización resérvase o dereito de admisión para persoas que non cumpran a normativa establecida. Así mesmo poderá impedir a participación a aquelas persoas que por circunstancias particulares lles poida resultar perigosa ou lesiva.



**Concello de Cee**



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

## INSCRICIÓN

As inscricións son gratuítas.

Os períodos de inscricións para cada unha das camiñatas serán os seguintes:

- 1ª Camiñata (S. Pedro Mártir-Paseo m. Cee) do sábado 24 de xullo: **ata o xoves 22 de xullo.**
- 2ª Camiñata (Lires-Fisterra) do sábado 31 de xullo: **ata o xoves 29 de xullo.**

Consideraranse participantes nas camiñatas as persoas que se atopen no listado de inscricións/as. Aquelas persoas que non aparezan en dito listado non estarán cubertas pola póliza de accidentes, e a organización non será responsable do que lles poda suceder.

As inscricións deberanse facer na oficina do Servizo de Deportes do Concello de Cee (ubicada no 2º andar da Casa do Concello), no teléfono 981745100 (ext. nº 9) ou ben no email [deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)

**A adxudicación de prazas efectuarase por rigorosa orde de inscrición.**



**CEE**  
DEPORTE É CULTURA  
[deportes@cee.gal](mailto:deportes@cee.gal)